



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN DOWN PONTEVEDRA "XUNTOS" PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E REHABILITACIÓN DA NOVA SEDE DA ENTIDADE

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2017

REÚNENSE

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, de 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Manuel Pérez Cabo, representante legal da Asociación Down Pontevedra "Xuntos", inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións de Pontevedra co número 1992-we2497-1.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade con que cada un intervén, a capacidade legal necesaria para subscribir este Convenio, e para tal efecto,

EXPOÑEN


Primeiro. – No Decreto 235/2012, de 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, créase a Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cuxa existencia se segue a manter no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia

Pola súa parte, o artigo 6 do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dispón que a Vicepresidencia ten entre as súas funcións as de establecer relacións e canles de participación con asociacións, fundacións e outros entes e organismos que teñan entre os seus fins a consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, así como o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, presten apoio e promovan a integración social dos colectivos con discapacidade en orde a promover as condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas.

Neste sentido a existencia de asociacións que poidan levar a cabo actividades de interese xeral para acadar a consecución da integración social dos colectivos con discapacidade non sería posible sen a axuda e colaboración da Administración Pública.

Segundo.– A Constitución Española establece no seu artigo 9.2 que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan efectivas.

O Real Decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social





establece no seu artigo 22 que as persoas con discapacidade teñen dereito a vivir de forma independente e a participar plenamente en todos os aspectos da vida. Para iso, os poderes públicos adoptarán as medidas pertinentes para asegurar a accesibilidade universal, en igualdade de condicións coas demais persoas, nas contornas, procesos, bens, produtos e servizos, o transporte a información e as comunicacións, incluídos os sistemas e as tecnoloxías da información e as comunicacións, así como os medios de comunicación social e noutros servizos e instalacións abertos ao público ou de uso público, tanto en zonas urbanas como rurais.

Por outra banda, no artigo 6.2 a) da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, recóllese como un dos criterios xerais de actuación da Xunta de Galicia o fomento da colaboración entre os distintos suxeitos implicados na igualdade de oportunidades, sexan suxeitos públicos ou privados e fomentando especialmente esta colaboración en relación coas asociacións e grupos de mulleres.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias está a desenvolver diferentes programas e accións encamiñadas a fomentar programas de actividades que reforcen o principio de igualdade e favorezan o empoderamento e a participación das mulleres.

Entre outras actuacións colabora para solucionar situacións sociais problemáticas, ben directamente ou cooperando con institucións que traballan pola integración e mellora da calidade de vida das mulleres con discapacidades, xa que a existencia continuada de discriminacións e prexuízos inxustificables e invisibilizados privan ás mulleres con discapacidade da oportunidade de exercer os seus dereitos en igualdade de condicións.

Terceiro. - De acordo co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cómpre salientar que Down Pontevedra "Xuntos", está a desenvolver na súa sede actividades dirixidas as persoas con síndrome de down e/ou outras discapacidades intelectuais e as súas familias. Entre as súas actividades levan a cabo actividades dirixidas á formación das persoas con discapacidade coa finalidade de que a súa presenza e participación sexa cada vez maior nos actos institucionais que se levan a cabo por esta administración autonómica, así como accións específicas para mulleres, entendidas como accións positivas da intervención social, e que favorecerán a toma de decisións co fin de empoderar ás usuarias para promover a súa participación na comunidade de xeito igualitario, xa que as mulleres con discapacidade están a sufrir unha dobre e incluso unha tripla discapacidade, dependendo da seu lugar de residencia.

Os/as beneficiarios/as directos/as da Asociación Down Pontevedra "Xuntos" son na actualidade 103 socios/as da entidade xunto coas súas familias. Actualmente existen persoas en lista de espera para entrar na asociación pero que, debido á falla de capacidade do local da sede actual non poden entrar a formar parte. Coas obras de reforma do local estas persoas poderían entrar a formar parte da asociación e beneficiarse así das accións que alí se levan a cabo.

Ao abeiro do exposto, esta Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza considera necesario colaborar coa Asociación Down Pontevedra "Xuntos"

En atención ao sinalado non é posible promover a concorrência pública pola especificidade do programa a desenvolver.


XUNTOS
Asociación
Síndrome
de Down
Pontevedra





Cuarto.- A entidade cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En consecuencia ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración con suxeición as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. – OBXECTO

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Asociación Down Pontevedra "Xuntos" para levar a cabo as obras de acondicionamento e rehabilitación da nova sede da entidade, sita na rúa Gorgullón, número 45 baixo de Pontevedra, segundo o orzamento das obras asinado polo arquitecto Ricardo Aguilar Bueno en marzo de 2017.

SEGUNDA.- Obrigas da Asociación

A Asociación Down Pontevedra "Xuntos" queda obrigada a:

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do beneficiario:

1. Destinar os fondos percibidos ao financiamento das obras de acondicionamento e rehabilitación da nova sede da entidade.
2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización das obras que fomentaron a súa concesión e o seu custo real.
3. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 1. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
 2. No caso de se realizar pagamentos anticipados e o beneficiario non presentase a xustificación da subvención no prazo e na forma previstos neste convenio
 3. No suposto de que a entidade beneficiaria non xustifique a efectividade dos pagamentos no prazo e na forma establecidos na cláusula oitava deste convenio.
 4. Reintegrarse o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda da cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 5. Nos suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 6. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 7. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



Xuntos3
Síndromo
de Down
Pontevedra



4. Destinar os bens ao fin concreto para o que se concede a subvención durante un período mínimo de cinco anos, procedendo ao reintegro das cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre antes de transcorridos cinco anos do seu remate unha modificación que afecte á natureza do investimento.
5. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
7. Tramitar o expediente de contratación da obra conforme á normativa de aplicación.
8. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

TERCEIRA. – OBRIGAS DA CONSELLERÍA

A Vicepresidencia e consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, aboará á Asociación Down Pontevedra “Xuntos” a cantidade de CORENTA MIL EUROS (40.000 €) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05.24.121C.781.0 (código de proxecto 2017 00085) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017 para a realización das obras de rehabilitación e acondicionamento da nova sede da entidade sita na rúa Gorgullón, número 45 baixo de Pontevedra. Esta cantidade representa o 13,60 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E LIBRAMENTO DOS FONDOS.

A achega económica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza realizarase nos termos requiridos nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 citada.

A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos revestirá a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de conformidade co establecido nos artigos 28 da Lei 9/2007 e 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.


XUNTOS
Asociación
de Down
Pontevedra





O representante de Down Pontevedra "Xuntos" acreditará a realización das actividades financiadas estendendo certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente.

Con anterioridade á xustificación da execución da actividade presentarase unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a consellería, se reducirá na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Asociación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a asociación, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 15 de decembro de 2017.

QUINTA. – PAGOS PARCIAIS.

A achega económica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá instrumentarse mediante pagamentos parciais, a solicitude da entidade, ata un máximo do 80% da contía total da achega, de acordo có disposto no artigo 62 e do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro e 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dentro do límite da respectiva anualidade orzamentaria e atendendo ó ritmo de execución da acción subvencionada.



XUNTOS
Pontevedra



Para a realización de pagamentos parciais a entidade, deberá xustificar que se realizaron actuacións relacionadas co obxecto do convenio, así como o seu pagamento. Os pagamentos parciais quedarán condicionados ó resultado da liquidación definitiva.

De acordo co establecido nos artigos 11.d) da Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, antes de efectuar o primeiro pago parcial da achega económica da Administración Autonómica, a entidade, deberá presentar unha declaración do conxunto de tódalas axudas concedidas para este mesmo fin, perante as Administracións Públicas ou outros entes públicos. Con carácter previo á tramitación do derradeiro pagamento a Asociación deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actuación das distintas Administracións Públicas ou das entidades vinculadas ou dependentes das mesmas.

SEXTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

De acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais

SÉTIMA. - SEGUIMENTO DO CONVENIO

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha comisión mixta paritaria, integrada pola Secretaria Xeral Técnica da Consellería e o Presidente da Asociación, ou persoas que designen no seu nome, e un representante máis de cada unha das partes.

A comisión mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicita algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio
- Proposta, se é o caso, de addendas
- Intervención previa á resolución por incumprimento
- Coordinación das funcións das dúas administracións
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

OITAVA.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade


XUNTOS
Asociación
Sindicato
de Dólar
Pontevedra





Autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

NOVENA.- RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades obxecto da axuda.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade có disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMA. – XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, previo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso - administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO PRIMEIRA. – VIXENCIA

A vixencia do presente convenio estenderase dende a sinatura ata o cumprimento, polas partes, dos deberes asumidos. En ningún caso excederá do 31 de decembro de 2017.

DECIMO SEGUNDA. - Normativa aplicable

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.



Pontevedra



XUNTA DE GALICIA

galicia

E en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O Vicepresidente e Conselleiro de
Presidencia Administracións Públicas e
Xustiza

Alfonso Rueda Valenzuela

O Presidente Asociación Down
Pontevedra "Xuntos"

Manuel Pérez Cabo